


LIBROS



GUÍA DE PLANTAS DE GALICIA


Xosé Ramón García Xerais
Galego (512 pax.)
ISBN: 9788497829397

Tras unha longa espera por fin temos a oportunidade de adquirir esta reedición de Xerais, un instrumento imprescindible para o coñecemento básico da actual flora do noso país. A través dunha terminoloxía sinxela, determina polo miúdo as especies que os estudiosos e afeccionados poden atopar nas saídas ao campo ou nos paseos polo seu contorno.

O libro trata na súa introdución temas de recolección, preparación e conservación das plantas, nomenclatura botánica, as posibilidades da internet e a xeoloxía de Galiza. Inclúese normativa legal sobre protección dos hábitats naturais, o Catálogo galego de especies ameazadas e o Rexistro de especies de interese galego. A obra tamén aborda as claves dicotómicas que caracterizan unhas 1.400 especies presentes, na súa maioría, en Galiza e fichas descritivas das familias (nome correcto, sinónimos, nomes populares en galego e castelán, valores diferenciais, hábitats máis habituais e época de floración).

E máis de 1.000 fotografías ilustran o aspecto xeral da planta ou aspectos relevantes para a súa identificación.

INFORMES



AMBIENTALMENTE SUSTENTABLE

(xullo-décembro 2008)
CEIDA e Servizo de Publicacións da UDC
Galego (202 pax.)
ISSN: 1887-2417

En formato de monográfico trata sobre os usos dos espazos forestais, incluídos o social, científico e educativo. Fai referencia a parques periurbanos, xardíns botánicos e áreas forestais, espazos que non só están a funcionar como pulmóns verdes e para o lecer, senón tamén para construír ciencia e cidadanía democrática. Esta edición recolle boa parte dos artigos e ponencias do Seminario Internacional "Usos sociais e parques forestais, xardíns botánicos e outras áreas forestais" que organizou o CEIDA en abril de 2008.




GUÍA NATURAL DO CARREIRÓN. AVES E MAMÍFEROS.

Miguel Ángel Conde Teira e Samuel Paz Parracho
Asociación medioambiental O Carreirón
Galego (100 pax.)
D.L.: PO-51-2009

Da man dun dos seus autores chega aos andeis de ADEGA esta primeira Guía de aves e mamíferos dun dos espazos naturais máis interesantes da Illa de Arousa, prólogo de posteriores guías de plantas, anfibios e réptiles, etc. Logo dunha breve presentación do espazo natural do Carreirón, ábrese un apartado dedicado ás aves e mamíferos coas súas respectivas guías descritivas e finalmente un índice de especies.

O caderno ofrece información das especies máis comúns, deixando un espazo libre para as anotacións dos lectores que atopen outros exemplares. É pois, un bo artigo de acompañamento para a visita deste espazo natural que animamos a coñecer.

VÍDEO



MANUAL DE USO PARA UNHA NAVE ESPACIAL


Amigos de la Tierra Español (72 min.)

O documental, elaborado polos compañeiros do grupo estatal de Amigos da Terra e subvencionado polo Ministerio de Medio Ambiente, indaga nas experiencias e opinións de distintas persoas fronte ao reto da mudanza climática, tendo en conta que a área mediterránea é unha das rexións máis ameazadas.

Arte, Novas, Natureza e Sociedade de consumo son os 4 temas nos que se divide o documental, co gallo de amosar distintas realidades contornando a un mesmo problema cunha visión de fondo: somos astronautas dunha nave espacial (a Terra) da que non temos manual, pero aínda así debemos aprender a pilotala.

É destacábel a testemuña dun dos sectores máis afectados en Galiza, o da pesca, coa participación dos pescadores da confraría de Cedeira.

BOLETÍNS



A MORBELLA (Nº 16)

Grupo Naturalista Hábitat
Galego (50 pax.)
ISSN: 1888-3315-X

Coa presentación deste boletín, aproveitamos para darlle os parabéns ao Grupo Naturalista Hábitat polo seu 30 aniversario. Fundada en 1979 na Coruña, o Grupo Hábitat mantén o obxectivo de coñecer o máximo posíbel as especies dos nosos ecosistemas, así como de preservalas. Igualmente segue a incidir na divulgación dos valores naturais de Galiza, no fomento da sustentabilidade e na participación democrática.

O número 16 deste boletín dedica a súa editorial ao aniversario de Darwin e ao seu propio. Na sección "Caderno de Campo", Antón Vázquez Corral preséntanos *Un paseo pola ribeira do río Anllóns*; o apartado de "Investigación" fala do *Anelamento no carrizal de Ponteceso*, polo Grupo de Anelamento Hércules; e en "Divulgación", tres artigos: *Poñendo orde insectívoros soricidos* de Pablo Carballo, *Tan ocultos coma os furaños* de Jorge Ramos e *Escolma Literaria* de Roberto López.

www.gnhabitat.org

'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico; ramses@adega.info, indicando 'Recursos' Cerna.